



RC**Celta**

FAGAMOS HISTORIA

DOSSIER

CAMPAÑA DE **ABONADOS 22/23**

PÁX. 2 **CONDICIÓN XERAIS**

PÁX. 8 **FORMAS DE PAGO E DESCONTOS**

PÁX. 10 **CAMBIO DE ASENTAMENTO OU BANCADA**

PÁX. 11 **CARNÉ AMIGO**

PÁX. 12 **NOVAS ALTAS**

Realiza todos os trámites en
abonados.rccelta.es



//ABANCA



Condicións xerais

Canto custa o meu abono a próxima tempada?

	NOVA CATEGORÍA						
	ADULTO	SUB 30	SUB 25	SUB 15	INFANTIL	MAIORES 65	MIUDIÑOS
TRIBUNA ALTA	693 €	554 €	463 €	188 €	50€	437 €	GRATIS
TRIBUNA BAIXA E RÍO BAIXO	512 €	301 €	199 €	140 €	50 €	327 €	GRATIS
RÍO ALTO	460 €	269 €	193 €	134 €	50 €	292 €	GRATIS
GOL	320 €	206 €	151 €	101 €	50 €	222 €	GRATIS
MARCADOR*	292 €	178 €	151 €	101 €	50 €	193 €	-
BANCADA SEAREIROS	250 €		140 €				

A principal novidade respecto a tempadas anteriores é a creación dunha **nova categoría Sub 30** (de 26 a 30 anos). Desta forma o club atende a unha petición de tempadas anteriores.

Doutra banda, mantéñense a tarifa de Marcador a todos aqueles abonados que seguen estando recolocados.

Ademais, esta tempada o club ofrece unhas condicións moi especiais xa que poderás renovar o teu abono en xuño e non pagarás o primeiro recibo ata setembro.

AS PRINCIPAIS VANTAGES

- Novo Portal de Abonados
- Nova categoría Sub 30
- Facilidades de pago para todos os abonados

Condições xerais

Onde debo tramitar a miña renovación?

Con motivo da nova campaña de abonados o RC Celta lanza o **novo Portal de Abonados**, onde a partir de agora poderás realizar vía online todos os trámites necesarios no teu día a día co club.

abonados.rccelta.es


Nesta nova plataforma poderás realizar a renovación do teu abono, actualizar os teus datos persoais, solicitar cambios de asento e outras funcionalidades das que vos iremos informando nos próximos meses.

Ademais, o club pon ao dispor de todos a abonados cita presencial para consultas sobre a campaña. **Se no teu caso tes máis de 65 anos, o RC Celta tamén che ofrece a posibilidade de realizar a túa renovación de forma presencial** nos despachos de billetes de Abanca Balaídos. Podes solicitar [cita previa AQUÍ](#) ou chamando aos teléfonos 986 213 230 ou 986 213 234.

Cando podo renovar o meu abono?

As datas claves da próxima campaña de renovación son as seguintes:

- **22/06** Inicio campaña
- **14/07** Fin campaña renovación
- **18/07** Inicio citas cambios de asento (presencial)
- **22/07** Fin cambios de asento



CALENDARIO

22
XUÑO

14
XULLO

Renovacións en
abonados.rccelta.es

Condicións xerais

Como debo tramitar a miña renovación?

A renovación do teu abono será 100% vía online desde o teu móbil, táblet ou PC.

Para acceder ao novo Portal do Abonado (abonados.rccelta.es) debes introducir o teu ID Abonado e PIN.

O teu **ID Abonado** podes atopalo no dorso do teu **abono** da tempada 2021/22. O **código PIN** son as **últimas catro cifras do teu DNI**. En caso de non ter DNI rexistrado (menores de idade, por exemplo) o código PIN será 1111.



Se tes calquera incidencia coa túa PIN contacta coa Oficina de Abonados.

No caso de ser unha renovación dun abono con diversidade funcional, o desconto aplicarase automaticamente sobre a túa cota polo que estará aplicado unha vez realices a renovación.

A que categoría pertenzo?

- Maior de 65: nados antes do 01/08/1957
- Adulto: nados entre 01/08/1991 e 31/07/1957
- Sub 30: nados entre 01/08/1996 e 31/07/1991
- Sub 25: nados entre 01/08/2006 e 31/07/1996
- Sub 15: nados entre 01/08/2014 e 31/07/2006
- Infantil: nados entre 01/08/2017 e 31/07/2014
- Miudiño: nados entre 01/08/2022 e 31/07/2017

Condicións xerais

Se a próxima tempada teño que cambiar o meu abono por un de diversidade funcional, que teño que facer?

O club pon a disposición abonos cun desconto do 25%* para aquelas persoas cun grao de diversidade funcional superior ao 65%. No caso de necesitar un acompañante, o club estudará a solicitude e se fose aprobada, o abonado dispoñería dunha invitación para cada partido.

Para solicitar o cambio do abono, antes de realizar a túa renovación terás que poñerte en contacto coa Oficina de Abonados para que realicen o cambio. Solicitarémosche a seguinte información:

- Copia de certificado que acredite unha minusvalía dun 65% como mínimo
- Manifestación de que prestas o teu consentimento explícito ao tratamento dos teus datos

Unha vez realizado o estudo avisarémosche para que poidas acceder ao Portal de Abonados e xestionar a renovación do teu abono.

*Os descontos non son acumulables (desconto por diversidade funcional, accionista ou familiar)

Como podo renovar os abonos do meu núcleo familiar?

Unha das principais novidades esta tempada é que a través do novo Portal do Abonado poderás renovar o carné doutros abonados na mesma operación, simplificando así os trámites que tes que realizar.

Condicións xerais

O meu fillo/ miña filla ten abono Miudiño, debo realizar algún trámite?

Se o teu fillo ou a túa filla cumpre 5 anos esta tempada (nados antes do 30/06/2017) pasa á categoría infantil (ata menores de 8 anos). O club contactará co abonado adulto responsable do Miudiño para confirmar a bancada onde situar ao menor. Posteriormente poderase tramitar a súa renovación como o resto de abonados, a través do Portal de Abonados (abonados.rccelta.es).

Debido á redución de espazo no estadio, os miudiños non terán asento asignado pero si terán a posibilidade de acceder ao estadio. Para iso, habilitarase un formulario online desde o que se poderá solicitar acceso a cada partido, cunha cota por partido para esta categoría. Comunicaremos a todos os interesados como proceder no seu momento para poder solicitar estes permisos.

Os Miudiños nados despois do 30/06/2017 manteñen o seu abono gratuito e a renovación xestiónase de forma automática polo que non tes que realizar ningunha xestión.

Cando recibirei o meu carné da tempada 2022/23?

Nas semanas posteriores á renovación enviarase ao teu domicilio o carné para esta tempada. Poderás confirmar a dirección no Portal de Abonados.

No caso de solicitar cambio de asento, o carné entregárase unha vez realizado o cambio.

Condicións xerais

Que beneficios ofréceme ser abonado do RC Celta?

- Acceso aos partidos como local do RC Celta
- Acceso aos partidos como local do Celta B
- Acceso aos partidos como local do Celta C - Gran Peña
- Acceso aos partidos como local do Celta Zorka Recalvi
- Desconto do 10% en tendas oficiais do RC Celta*
- Prioridade ao acceso de entradas para partidos como visitante
- Desconto camisetas primeira e segunda equipamento: 66,95€ adulto e 48,95€ infantil, ata o 31 de agosto**.

*Non inclúe merchandising, Casual Adidas e artigos xa rebaixados.

**Enviarase un cupón mediante correo electrónico ao confirmar a tramitación do abono.

Se teño dúbidas, onde podo dirixirme?

Para calquera dúbida ou incidencia podes poñerte en contacto a través das seguintes canles:

PRESENCIAL: Oficina de Abonados en Abanca Balaídos de 10 a 19 horas de luns a venres.

EMAIL: escribindo a abonados@rccelta.es

TELÉFONO: chamando ao 986 213 230 ou 986 213 234 en horario de 10 a 19 horas de luns a venres.

Formas de pago e descontos

Como podo pagar o meu abono?

Terás dispoñible 3 modalidades de pago diferentes:

■ Con **tarxeta de crédito**.

■ **Domiciliación bancaria:**

O recibo cargarase na segunda quincena do mes de xullo, unha vez finalizado o período de renovación.

■ **Pago a prazos con domiciliación:**

O club pon ao dispor de todos os abonados o pago domiciliado aprazado coas seguintes características:

- Pago fraccionado en 4 cotas (setembro, outubro, novembro e decembro): os recibos cargaranse durante os 5 primeiros días de cada mes.

- Sen pago de cota durante os 3 primeiros meses (xuño, xullo e agosto)

- Dispoñible para todos os abonados, non é necesario facilitar información financeira (ingresos, nóminas, etc.)

- Só é necesario unha firma de compromiso de pago e autorización de domiciliación en conta bancaria.

- O pago fraccionado ofrécese sen intereses, pero conleva un gasto de xestión do 5% do total do importe, que se abonará no momento de tramitar a renovación.

Formas de pago e descontos

Se teño algún desconto, como podo solicitalo?

Nesta campaña de renovación poderás gozar dos **descontos* de accionista e familiar**.

No caso do de **accionista**, o desconto aplicarase automaticamente sobre a túa cota, polo que estará aplicado unha vez realices a renovación.

Para o **desconto familiar** terás que renovar na mesma operación a toda a unidade familiar e solicitar o desconto mediante un check. Unha vez comprobes que é correcto, procederase á devolución.

Lembramos que o desconto familiar só aplícase a matrimonios con fillos en categoría sub 15 e sub 25 (ata 17 anos). Queda exento de calquera desconto a categoría Infantil.

Estes descontos substituiranse na próxima tempada (23/24) por un novo programa de descontos que vos comunicaremos nas próximas semanas.

*Os descontos non son acumulables (desconto por diversidade funcional, accionista ou familiar)

Se teño saldo no moedeiro virtual, como podo utilizalo?

Se aínda hai saldo ao teu favor no teu moedeiro virtual, descontarase automaticamente do importe ao pagar o teu abono, polo que ao renovar só terás que pagar o importe restante da túa cota.

Cambios de asiento e bancada

Como e cando podo solicitar o cambio de asiento?

Durante o proceso de renovación do teu abono terás que facer a solicitude de cambio de asiento. Para iso **deberás seleccionar unha das seguintes casuísticas** e indicarnos se hai outros abonados afectados.

- Incidencia obras: Río Baixo/Marcador/Tribuna Baixa
- Reagrupamento familiar
- Dificultade na mobilidade do abonado
- Reagrupamento amigos
- Localidades máis centradas ou mellor situadas

A prioridade de adxudicación é: 1º a casuística e 2º a antigüidade/asistencia do abonado.

Unha vez pechado o período de renovación avisarémoste para que poidas solicitar a túa cita e tramitar o cambio de localidade.

Se a próxima tempada quero cambiar de bancada, que teño que facer?

Antes de realizar a túa renovación **contacta coa Oficina de Abonados** para que realicen o cambio de bancada.

Unha vez realizado avisarémoste para que poidas acceder ao Portal de Abonados e xestionar a renovación do teu abono.

Carné Amigo

Se a próxima tempada non asistirei a Abanca Balaídos, que podo facer?

Neste caso non deberás realizar a túa renovación no Portal de Abonados se non que terás que **solicitar o Carné Amigo**. O seu prezo é de 70€, **permite seguir acumulando antigüidade** e pódese solicitar por unha tempada.

O abonado que elixa o Carné Amigo perde a súa butaca e na seguinte tempada deberá volver seleccionar butaca entre as dispoñibles. Esta modalidade de carné non dá dereito a acceder aos partidos e outros beneficios como entradas de histórico, pero si **mantén os descontos dispoñibles nas tendas oficiais**.

O trámite realízase de forma presencial polo que terás que pedir cita previa escribindo a abonados@rccelta.es ou chamando aos teléfonos 986 213 230 ou 986 213 234.

Novas altas

Como podo solicitar a alta para a tempada 22/23?

As novas altas poderán solicitarse vía en liña no Portal de Abonados: **abonados.rccelta.es**


Ten en conta que:

- Solicitar a alta non garante o abono.
- Dependerá da dispoñibilidade de localidades.
- Os abonos adxudicaranse por categoría segundo a orde de solicitude.
- Unha vez adxudicados, o club enviará vía email un link para poder xestionar o alta, seleccionar a localidade e realizar o pago.

Cando podo solicitar a alta?

As datas clave da campaña de altas son as seguintes:

- O **prazo de inscrición** na lista de espera estará **aberto desde o 22 de xuño**. A lista pecharase se se supera a cota establecida.
- **Do 25 de xullo ao 5 de agosto adxudicaranse os abonos** por orde de inscrición na lista de espera.



CALENDARIO NOVAS ALTAS

22
XUÑ

14
XUL

Solicitude de nova alta en
abonados.rccelta.es

25
XUL

5
AGO

Adxudicación de prazas

Novas altas

Enviarase un email a todos os adxudicados coas instrucións para proceder á formalización da alta, podendo elixir forma de pago: tarxeta de crédito, domiciliación bancaria ou pago a prazos con domiciliación.

Unha vez completada o alta, tramitarase no prazo de 24/48 h o envío do carné á dirección indicada ao seu domicilio.

Canto custa unha nova alta?

	NOVA CATEGORÍA						
	ADULTO	SUB 30	SUB 25	SUB 15	INFANTIL	MAIORES 65	MIUDIÑOS
TRIBUNA ALTA	693 €	554 €	463 €	188 €	50€	437 €	GRATIS
TRIBUNA BAIXA E RÍO BAIXO	512 €	301 €	199 €	140 €	50 €	327 €	GRATIS
RÍO ALTO	460 €	269 €	193 €	134 €	50 €	292 €	GRATIS
GOL	320 €	206 €	151 €	101 €	50 €	222 €	GRATIS
MARCADOR	COMPLETO						
BANCADA SEAREIROS	COMPLETO						

COTA DE ALTA: 90€ ADULTO / 50€ RESTO DE CATEGORÍAS
Non pagan cota de alta os antigos abonados das tempadas 19/20 e 20/21.

A que categoría pertenzo?

- Maior de 65: nados antes do 01/08/1957
- Adulto: nados entre 01/08/1991 e 31/07/1957
- Sub 30: nados entre 01/08/1996 e 31/07/1991
- Sub 25: nados entre 01/08/2006 e 31/07/1996
- Sub 15: nados entre 01/08/2014 e 31/07/2006
- Infantil: nados entre 01/08/2017 e 31/07/2014
- Miudiño: nados entre 01/08/2022 e 31/07/2017

Novas altas

Altas de Miudiños

As altas de Miudiños (menores de 5 anos fillos de abonados/ as) poderanse tramitar escribindo a abonados@rccelta.es.

Debido á redución de espazo no estadio, os miudiños non terán asento asignado pero si terán a posibilidade de acceder ao estadio. Para iso, habilitarase un formulario online desde o que se poderá solicitar acceso a cada partido, cunha cota por partido para esta categoría. Comunicaremos a todos os interesados como proceder no seu momento para poder solicitar estes permisos.

Persoas con diversidade funcional

O club pon a disposición abonos cun descontóo do 25% para aquelas persoas cun grao de diversidade funcional superior ao 65%. No caso de necesitar un acompañante, o club estudará a solicitude e se fose aprobada, o abonado dispoñería dunha invitación para cada partido.

Para solicitar este desconto, terás que poñerche en contacto coa Oficina de Abonados. Solicitarémosche a seguinte información:

- Copia de certificado que acredite unha minusvalía dun 65% como mínimo
- Manifestación de que prestas o teu consentimento explícito ao tratamento dos teus datos

Unha vez realizado o estudo avisarémosche para que poidas acceder ao Portal de Abonados e solicitar a alta.

Novas altas

Se teño saldo no monedeiro virtual, como podo utilizalo?

Se aínda hai saldo ao teu favor no teu moedeiro virtual, unha vez que poidas xestionar a túa alta no portal de abonados, descontarase automaticamente do importe ao pagar o teu abono, polo só terás que pagar o importe restante da túa cota.

FAGAMOS HISTORIA

CAMPAÑA DE ABONADOS



2022/2023



RC**Celta**

Realiza todos os trámites en
abonados.rccelta.es



//ABANCA



V1 XUÑO 22

